

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Data: 02/05/2016 13:30:04  
4901/16

SAIDA

(Rptte. de Dereitos Sociais de Coia)  
[odscoia@riseup.net](mailto:odscoia@riseup.net)

Expediente: G.6.Q/899/16

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2016

Estimada Sra.:

Recibido nesta institución o seu escrito de queixa, este deu lugar ao expediente co número arriba indicado.

Unha vez estudada a súa queixa, dámola por admitida ao entender que reúne os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopa, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 41 da Constitución.

En consecuencia, coa data de hoxe iniciamos as actuacións oportunas ante o Concello de Vigo. En concreto requirimos a ese concello que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información sobre o motivo da queixa, en particular sobre a comprobación das circunstancias mencionadas nela; sobre as medidas adoptadas ou previstas ante a casuística descrita; sobre a información demandada; e sobre as demais circunstancias relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa. Tan pronto como recibamos o preceptivo informe que ese concello ten que remitirnos poñerémonos de novo en contacto con vostede para darlle conta da nosa actuación ao respecto.

Informámola de que a admisión a trámite da súa queixa non suspenderá en ningún caso os prazos previstos nas leis para recorrer a resolución administrativa controvertida, tanto na vía administrativa como na xurisdiccional.

Agradézolle a confianza que nos demostra e reciba un atento saúdo.

Milagros M<sup>a</sup> Otero Parga  
Valedora do Pobo

